

CONCELLO
DE VIGO



VIGO
XAN > ABR'22 **cultura**

VIGO, A MELLOR CIDADE PARA VIVIR

TIPO DE ESPECTÁCULO



Maxia



Teatro



Teatro de Rúa



Circo



Danza



Bebés



Monicreques

DATOS DO ESPECTÁCULO



Idioma



**Duración
(minutos)**



Prezo

RECOMENDACIÓN DE IDADE



**Público
Adulto**



**Público
Familiar**



**Idade
recomendada**

VENRES 28 E SÁBADO 29 DE XANEIRO • 19:00 HORAS

THE WOLVES

La Fam Teatre

Teatro
de Rúa



PRESENTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
VIGOCULTURA NA RÚA DO PRÍNCIPE

Autoría: Sergio Heredia

Dirección: Sergio Estebanell

Adaptación: Antoni Castelló, Anna Dobón e Sergio Heredia

Escenografía e vestuario: Sara Recatalá, César Marín e Beatriz Ibáñez

Deseño de son e música: Manu Chabrera

Deseño de iluminación: Xavier Llop e Nerea Coll

Coreografía: Carmen Esquivel

Elenco artístico: Jordi Collado, Xavi Castelló, Alba Blanco, Santi Martínez e Sergio Heredia.

Un espectáculo de rúa con música en directo onde catro brokers de Wall Street percorren as rúas a ritmo de funky e onde desenvolverán unha peculiar xornada laboral.



Idioma



Todos os
públicos



60 min.



VENRES 4 DE FEBREIRO - 20:00 HORAS

Teatro



TURISTAS

Meridional Producciones

ESTREA
GALICIA



Autoría: Marina Seresesky

Dirección: Álvaro Lavín

Escenografía: Vanesa Hernández Trigueros
(DiiVANT)

Deseño de son e música: Alberto Granados

Deseño de iluminación: Luis Perdiguero (A.A.I.
- DiiVANT)

Vestuario: Guadalupe Valero

Elenco artístico: Pepa Zaragoza e Chani Martín

Braulio e Mari Carmen son unha parella normal. Moi normal. Ela traballa de cociñeira no comedor dunha escola e el agarda un postergado ascenso na empresa na que traballou toda a súa vida. Adoitan pasar os seus 14 días de vacacións nunha vella caravana, no mesmo cámping, ano tras ano. Alí crearon unha agradable rutina coa súa veciñanza de acampada e aproveitan para festexar o seu aniversario de voda por todo o alto. Pero este ano é distinto, para congraciarse co seu xefe e emular o seu eterno contrincante de ascenso, Braulio decidiu pasar as vacacións nunha praia case deserta.



Idioma



Público
Adulto



65 min.



12€

DOMINGO 6 DE FEBREIRO • 18:00 HORAS

CRIS PEQUEÑA VALIENTE

El Espejo Negro

Monicreques
Familiar



Autoría, dirección e adaptación: Ángel Calvente
Escenografía e deseño de son: El Espejo Negro
Deseño de iluminación: Laín Calvente
Vestuario monicreques: Carmen Ledesma
Vestuario actores/actrices: Eli Postigo
Música: Miguel Olmedo e VV.AA.
Elenco artístico: Cristina Jiménez, Carlos Cuadros e Yolanda Valle

Esta é a historia da pequena Cristina, unha nena que ao nacer pensaron que era un neno. Si, un neno... Ela nunca se sentiu neno. Dende sempre se sentiu unha nena e así fixollole saber aos seus pais desde moi pequena.

Cris, que así lle gusta que a chamen, é unha nena trans, chea de ledicia e intelixente, que procura o seu dereito a ser a persoa que é e sinte. Desexa ter un futuro cheo de liberdade e oportunidades, para poder crecer e desenvolverse como calquera outra nena da súa idade. Espectáculo dedicado a todas as persoas transxénero do mundo.



Idioma



+5 anos



65 min.



5€

- Premio Feten 2021 ao mellor espectáculo.
- Premio especial do Xurado da 38 Feira de Artes Escénicas de Palma del Río.
- Premio del Público MIT 2021 en la 37ª Muestra Internacional de Teatro de Ríbadavia.

VENRES 11 DE FEBREIRO - 20:00 HORAS

Teatro



ILLAS DESERTAS

ArtesaCía



Vestuario e escenografía: Esther Quintas e ArtesaCía

Cinema en directo: Roi Fernández

Música e iluminación: Héctor Pazos

Técnica multimedia: Susana Méndez

Produción: Laura Villaverde

Texto: Sebastián Álvaro e ArtesaCía

Colaboración tecnolóxica: La Fura Dels Baus

Elenco artístico: Laura Villaverde, Roi Fernández, Héctor Pazos e Susana Méndez

Cal foi a túa última experiencia inútil? Illas Desertas válese das experiencias e reflexións de dous dos grandes fracasos da historia, a aventura da aviadora Amelia Earhart e da expedición antártica do explorador Ernest Shackleton. Toda a obra está bañada pola súa transmisión cultural, polo seu camiño vital cara á utilidade desas cousas inútiles. Os protagonistas desta historia convidan o público a través dos seus móbiles para subirse a bordo dunha expedición cara a unha illa deserta, que flota no espazo-tempo (no Pacífico, na Antártida, na Indonesia de hai 40.000 anos?). Esta viaxe fraccionada en etapas convértese nun acto poético e nunha experiencia, unha bela aventura contemporánea na que se mostra outro camiño, outra alternativa á competitividade e produtividade da sociedade actual atafegada polo éxito, as metas e a posesión de bens.



Idioma



Público
Adulto



60 min.




8€

DOMINGO 13 DE FEBREIRO - 11:00 - 12:30 - 18:00 HORAS

OS TRES PORQUIÑOS

Migallas Teatro

Teatro
Bebés



ESPECTÁCULO PARA BEBÉS
AFORO REDUCIDO



Autoría: Bea Campos a partir do conto tradicional

Dirección e adaptación: Bea Campos

Escenografía, deseño de son e deseño

de iluminación: J.M.Sagüillo

Vestuario: La Bócóque

Música: tradicional e Migallas Teatro

Elenco artístico: Bea Campos e Manuel Pombal

Os tres porquiños é un espectáculo teatral para a cativada con monicreques, teatro, xogos tradicionais e música en directo.

Unha proposta coidada e visual a partir dun dos contos tradicionais máis coñecidos da literatura infantil. Sons, texturas e cores captan a atención das nenas e nenos nunha proposta sinxela e divertida para gozar en familia.



Idioma



+6 meses



30 min.



5€

Unha persoa adulta e un bebé. Resto do público poderá sentar de balde no patio de butacas con visibilidade reducida ata completar capacidade.

VENRES 18 DE FEBREIRO - 20:00 HORAS

HOTEL EUROPA

Señora Supina

Teatro



ESTREA
MUNDIAL



Autoría: Ernesto Is

Dirección: Javier Lojo

Adaptación: Ernesto Is e Javier Lojo

Escenografía e deseño de iluminación:

Vanesa Regengo

Deseño de son: Javier Lojo e Ernesto Is

Deseño de vestuario: Raquel Crespo

Música: VV.AA.

Elenco artístico: Nola Drake, Raquel Ferraz, Alba Outeda, Raquel Crespo e Javier Lojo

Benvindos ao Hotel Europa, un peculiar hotel nunha vila costeira galega na que descansar e vivir unha noite inesquecible.

Hotel Europa é unha comedia vodevil áxil e divertida con catro actrices que interpretarán a unha morea de peculiares personaxes. Unha obra moi do estilo das sitcoms e cunha boa dose de intriga, na que uns e outros descubriremos as divertidas e entrelazadas historias dos moradores do hotel.

Hotel Europa é un espectáculo que busca reflexionar, desde a ironía e o entretemento, sobre os procesos de transformación e perda de identidade que, nos últimos anos, as vilas galegas veñen sufrindo por mor da especulación urbanística e o turismo masificado.



Idioma



Público
Adulto



85 min.



10€

DOMINGO 20 DE FEBREIRO - 18:00 HORAS

Teatro
Familiar



TARZÁN

Mar Mar Teatro



Autoría: José Carlos García e Kike Díaz de Rada.

Dirección: José Carlos García.

Escenografía e vestuario: Mar Mar Teatro

Deseño de son e música: Fran Lasuen

Deseño de iluminación: Maitane

Elenco artístico: Rene Hernando,
Aritz Rodríguez, Eriz Alberdi e Javi Tirado

Un novo día de caza na selva africana. Ruxidos, gritos e reclamos enchen a atmosfera. De súpeto, silencio.

A selva estremécese ante o choro dun neno. Os grandes monos, curiosos, achéganse ao neno. Kala, cuxa cría vén de morrer, decide adoptar o bebé.

25 anos despois, en Londres, Lord Greystecke VIII, un nobre inglés, acaba de liberar os animais do zoo da cidade e intentará convencer a un sicoanalista de que aquel recién nacido era el. Tarzán, o rei da selva.



Idioma



+6 anos



60 min.



5€

VENRES 25 DE FEBREIRO - 20:00 HORAS

Teatro



AS QUE LIMPAN

A Panadaría

Creado e interpretado: Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman

Apoio dramaturxico: Paula Carballeira

Caracterización e vestuario: Esther Quintas

Espazo sonoro: Ailén Kendelman

Espazo escénico: Beatriz de Vega

Axudantía espazo: Daniela Rodas

Deseño de iluminación: Del Ruíz

Asesoría lingüística: Rosa Moledo

Produción: Ailén Kendelman

Axudantía de produción: Celina F. Ponte

Deseño gráfico: Noelia Castro

Cartel: Carla Berrocal

Un cartel pendurado no manubrio do cuarto: “por favor, arranxe o cuarto”. Ao regreso da praia, as camas feitas, as toallas limpas e o baño impoluto. Son as que limpam, as invisibles que carretan ao lombo un sistema turístico precarizador. As que limpam, fala da loita organizada das camareiras de piso dos hoteis por acadar uns dereitos laborais e sociais xustos. Fronte a elas, a avaricia voraz dos propietarios das cadeas hoteleiras. Hai que nunca limpar un váter e hai quen limpa cincocentos ao mes.



Idioma



Público
Adulto



75 min.



8€

DOMINGO 27 DE FEBREIRO - 18:00 HORAS

ISLA

Cía D'Click

Circo
Familiar



Autoría: Cía. D'Click

Escenografía: Karlos Herrero

Deseño de son: Santiago Latorre e Manuel Estrada

Deseño de iluminación: Roberto Gregorio Moreno

Vestiario: PEP4

Música: V.V.AA.

Coreografía: Compañía Mar Gómez

Elenco artístico: Ana Castrillo, Javier Gracia e Hugo Gauthier

Isla parte do soño e da alucinación de tres personaxes náufragos que están sós e se necesitan uns aos outros para reconstruír a súa historia. Estes personaxes crearán situacións inverosímiles e elixirán estratexias do mais rocambolescas para superar os límites da súa illa.

Unha historia que nos fará reflexionar sobre a idoneidade de refuxiarse no mar ou naufragar nunha illa.

Baseado nun traballo de corpo e movemento, as ferramentas máis circenses, como a acrobacia e o mastro chinés, intégranse como linguaxe escénica. Dentro do espectáculo. Este proxecto recórdanos a sutil fronteira existente entre o teatro físico e a danza; o circo e o risco; a maxia e o soño.



+4 anos



45 min.



5€

- Premio ao Mellor Espectáculo de Circo Aragonés 2017
- 1º Premio do Certame de Teatro Noctívagos 2017
- Premio Circada 2019
- Premio Cat Circo 2021



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE

inaem
INSTITUTO NACIONAL
DE ARTES ESCÉNICAS

PLATEA

PROGRAMA ESTATAL
DE ARTES ESCÉNICAS



FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE
MUNICIPIOS Y PROVINCIAS

VENRES 4 MARZO - 20:00 HORAS

Teatro



O'PÉNDULO

Inversa Teatro

(en co-produción co Centro Dramático Galego, a MIT de Ribadavia e a Area da Memoria Histórica da Deputación de Pontevedra)



Autoría: Marta Pérez e Ernesto Is

Dirección e deseño de iluminación: Carlos Álvarez-Ossorio

Escenografía e vestiario: Inversa Teatro

Deseño de son e música: Jesús Andrés Tejada

Elenco artístico: Marta Pérez, Nerea Brey e Rosa Puga Davila

Unha obra de teatro-documento que nos amosa como se desenvolveu a sublevación militar de 1936 e o inicio da Guerra Civil en Galicia. Este achegamento á nosa historia colectiva faise desde o persoal. Marta Pérez, co-dramaturga e actriz, trasládanos a experiencia do seu bisavó, Tirso

Gómez Freijido, natural de Ribadavia e residente na Cañiza. Membro do Partido Socialista Galego, republicano e presidente da Casa do Pobo da vila. Tirso foi apresado e fusilado no ano 1936 no Castro de Vigo, xunto cos seus camaradas Justo Moure, Jesús Pérez e Antonio Mojón. Xunto con eles foi apresada tamén María Gómez, alcaldesa da Cañiza, pertencente a Esquerda Republicana, a única muller que exerceu ese cargo en Galicia durante a Segunda República. Esta última conseguiu salvarse do fusilamento no último momento, alegando un falso embarazo. Foi condenada a cadea perpetua e rematou vivindo en Lugo coa anarquista Urania Mella.



Idioma



Público
Adulto



70 min.



10€

ESTREA
MUNDIAL



Xacobeo 21-22

galicia



AGADIC



DOMINGO 6 DE MARZO - 18:00 HORAS

SOPA DE PIEDRAS

Engruna Teatre

Monicreques
Familiar



Autoría: Engruna Teatre
Dirección: Mireia Fernández
Asesoramento artístico: Ramón Molíns
Escenografía: Berta Vidal e Raül Vilasis
Deseño de son: Jordi Sala e Engruna Teatre
Deseño de iluminación: Xavi Salavert
Vestuario: Nuria Espinach
Música: Albert Ciurans
Elenco artístico: Anna Farriol e Julia Santacana

Sopa de piedras fala de todas aquelas persoas que foxen da súa realidade na procura dunha oportunidade e chegan a un lugar onde atopan unha sociedade que non ve ou que non quere ver máis aló dela mesma e é incapaz de ver ao recén chegado como unha oportunidade e non como unha ameaza.



Idioma



+5 anos



50 min.



5€



Falando desta sociedade, falamos de todos nós e daquelas pedras que atopamos na vida e que hai que converter en oportunidades e aprendizaxe. Sopa de piedras é a historia de alma, unha nena que ten que fuxir do seu país porque un día ve como o ceo, en lugar de paraventos, échese de avións. Despois dunha longa viaxe chega a un lugar descoñecido, onde aparentemente todo o mundo ten de todo, pero ninguén quere compartir nada con ela. Con enxeño e intelixencia fai unha sopa de pedras que transforma o individualismo de todo un pobo nun traballo en equipo e dá unha lección de vida a todos aqueles que ao principio lle cerraran as portas.

· Premio Xarxa Alcover da Mostra d'Igualada 2021

VENRES 11 DE MARZO - 20:00 HORAS

Teatro



SMOKE ON THE WATER

Ibuprofeno Teatro

Autoría e dirección: Santiago Cortegoso

Escenografía: Pablo Giráldez "O Pastor"

Deseño de son: Mon Orenco

Deseño de iluminación: Salvador del Río

Vestuario: Marián Bañobre

Movemento escénico e axudantía de dirección:
Carmela Bueno


Elenco artístico: Josito Porto, Belén Constenla,
Adrián Ríos, María Costas e Mon Orenco

A intervención de Joan Baez, empregada de banca que xestiona a hipoteca de Ritchie, cliente de Álex, propicia un final pateticamente feliz ao enredo amoroso-financieiro entre este grupo de seres humanos fracasados, torpes, perdedores, frustrados, desgastados e maltratados pola vida, que provocan tenrura e compaixón.

Traxicomedia sórdida con música en directo.

Unha historia de sexo, drogas, rock and roll, enfermidade, violencia, prostitución, vandalismo, morte e, por suposto, de amor.

Ritchie (Blackmore) vive ancorado no Rock and Roll dos 70, ten unha tenda de discos e vinilos de colección. Janis (Joplin) xa hai anos que non canta, estuda filosofía na universidade. A súa unión sobrevive despois de case 25 anos de crise matrimonial permanente, formando un círculo vicioso enfermizo, un sistema de relacións de dependencia imposible de desenlear. Este "status quo" absurdo, en continua combustión, vese ameazado pola aparición de Álex, un gigoló de ideoloxía vandálica e transgresora que namora perdidamente de Janis, ao tempo que establece unha fonda amizade con Ritchie.



Idioma



Público
Adulto



85 min.



10€

DOMINGO 13 DE MARZO - 18:00 HORAS

Monicreques
Familiar



LAS PEQUEÑAS COSAS

La Mecànica



Autoría: Pau Bachero e Mon Joan Tiquat

Dirección: Pau Bachero

Escenografía: Alfred Cases

Vestuario: Angie Vallori

Música e son: Mon Joan Tiquat

Elenco artístico: Aina Zanoquera, Alejandro Navarro, Borja Tous e Carme Serna

Un espectáculo descarado, fresco e enérxico, onde un grupo de adultos loitan por ser bos modelos sen perder os papeis, ante a lóxica e directa sinceridade das nenas e os nenos. Entre os obxectos e a danza, o teatro físico e a música, as voces invisibles dos máis pequenos aparecen para pedirnos con humor e poesía como foi que, un día, os adultos deixamos de xogar.



+5 anos



60 min.



5€



VENRES 18 DE MARZO - 20:00 HORAS

Danza



BAILAR AGORA

Marta Alonso Tejada Traspiediante

(en coproducción co Centro Coreográfico Galego)



Dirección e interpretación: Marta Alonso Tejada

Coreografía e movemento: Victoria P. Miranda

Creación: Victoria P. Miranda, Pablo Reboleiro e Marta Alonso Tejada

Asistencia dirección e dramaturxia:

Pablo Reboleiro

Asistencia movemento: Sergio Perol

Deseño de iluminación e espazo escénico:

Laura Iturralde

Vestuario: Uxia P. Vaello

Espazo Sonoro e música: Xabier Bértolo

Producción: Manu Lago e Marta Alonso Tejada

Audiovisuais: Mila Ercoli e Ángel Sousa

Deseño gráfico: Paulina Funes

Visual Paulina Funes

Bailar agora é unha sorte de imperativo cara un posicionamento no presente, social e persoal, a través da danza. Un impulso por situarnos no tempo actual das cousas, con plena consciencia sobre o que estamos a facer e como estamos a vivir o aquí e o agora. A proposta sobre como fácelo é clara: bailando.

Nun mundo en constante precipitación, o tempo esgótase nos proxectándonos nun futuro que nunca chega.

Bailar agora propón unha atención no presente e no concreto, na carne e no movemento, no movemento que é pensamento, investigando unha linguaxe humorística e crítica a través do movemento e a través dunha proposta escénica de danza moi física.

Bailar agora pon en contacto á bailarina e creadora Marta Alonso Tejada coa bailarina e directora internacional Victoria P. Miranda.



Idioma



Público
Adulto



75 min.



10€

- 3 Premios María Casares 2021 a mellor actriz protagonista, dirección e iluminación.
- Premio ao Mellor Espectáculo no FETEGA 2021.
- Premio da MIT de Ribadavia 2021.

DOMINGO 20 DE MARZO - 12:30 - 18:00 HORAS


PEQUEÑO BIG BLUE

Panicmap Proyectos Escénicos

Danza
Bebés



ESPECTÁCULO PARA BEBÉS
AFORO REDUCIDO



Autoría, dirección e deseño de iluminación:

Juan Pablo Mendiola

Escenografía: Los Reyes del Mambo

Vestuario: María Almudéver

Música: Damián Sánchez

Coreografía: Cristina Fernández Pintado

Elenco artístico: Irene Ballester e Joan Ballester

Pequeño Big Blue é grande e é azul. É grande, azul e moi curioso. A súa curiosidade lévao a situacións e lugares dos que despois non sabe como saír.

Afortunadamente conta con ENE, que sempre está alí para axudalo. Pequeño Big Blue debe, pouco a pouco, aprender a desenvolverse solo.

ENE e Pequeño Big Blue son tan diferentes o un do

outro como pode parecer a simple vista?

O que é seguro e que como equipa son únicos.

Unha pequena viaxe da man de ENE e Pequeño Big Blue que pode que xere algunhas destas preguntas:

Os bechos de cores son os que máis pican?

Poden fabricar unha nube coas mans e algo de

imaxinación? Por que te chove a ti e non a min?

Cando te anoxas todo ponse vermello. E se estás triste? Só é de noite cando teño sono?

Unha proposta plástica na que xesto, danza e artes visuais dialogan para ofrecer unha experiencia que estimula o desexo de xogar aos máis pequenos a aos seus grandes acompañantes atopando polo camiño algunhas emocións que todas e todos saberemos identificar.



Idioma +18 meses



35 min.



5€

Unha persoa adulta e un bebé.

Resto do público poderá sentar de balde no patio de butacas con visibilidade reducida ata completar capacidade.



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE



PLATEA

PROGRAMA ESTATAL DE ARTES ESCÉNICAS



FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS

VENRES 1 DE ABRIL - 20:00 HORAS

MAN UP

Teatro en Vilo

(en coproducción co Centro Dramático Nacional)

Teatro



Autoría e dirección: Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez

Escenografía: Mireia Vila Soriano

Deseño de son: Nacho Bilbao

Deseño de iluminación: Miguel Ruiz

Vestuario: Yaiza Pinillos

MAN-UP é unha divertida e aceda comedia onde as directoras de Teatro En Vilo propoñense o reto de desenmascarar o relato tradicional da masculinidade e os seus referentes a través da ironía, a irreverencia e o humor absurdo. Nun momento no que os códigos masculinos tradicionais quedaron obsoletos e os novos están aínda por elaborar, Man Up quere ser un espazo desde o que cuestionar as suposicións culturais sobre

Música: V.V.A.A.

Coreografía: Amaya Galeote

Elenco artístico: Blanca Solé, Macarena Sanz, Juan Paños, Pablo Gallego, Alberto Jo Lee, Baldo Ruiz e Javier Carramiñana.

que significa ser un home e un lugar desde o que imaxinar novas formas de selo. En escena, seis actores lanzaranse a representar un gran carnaval da masculinidade, xogando a deconstruír, reconstruír ou destruír os referentes culturais que rexen os estándares da hombría; á vez que reflexionan sobre o seu lugar no mundo e as súa propia identidade.



Idioma



Público
Adulto
(+14 años)



120 min.



15€

· Candidato a mellor espectáculo e mellor autoría nos Premios Max.

DOMINGO 3 DE ABRIL - 18:00 HORAS

Maxia
Familiar



EUFORIA (VOLTA A ILUSIÓN)

Dani Polo

Autoría e dirección: Dani Polo

Escenografía: Aleks Freire

Deseño de son, deseño de iluminación

e música: Jaime Tilve

Vestuario: Natalia Abad

Elenco artístico: Dani Polo

Volta a ilusión é un espectáculo que precisamos máis ca nunca para recuperar esa ilusión que en moitos casos a pandemia nos arrannou.

Ao longo de 90 minutos, o ilusionista Dani Polo presentará unha serie dos seus mellores números de maxia, grandes efectos e ilusións, onde as persoas aparecen, desaparecen, levitan ou mesmo se teletransportan.

Unha proposta única para deixarse levar polo mundo da ilusión e da maxia máis espectacular.



Idioma



Público
Familiar




90 min.



5€

 XUNTA
DE GALICIA

 Xacobeo 21-22

 galicia

 REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

 AGADIC  Banco Galego de
Teatro e Culturas



VENRES 22 DE ABRIL - 20:00 HORAS

GLORIA NACIONAL

Teatro do Noroeste

Autoría, dirección e deseño de iluminación:

Eduardo Alonso

Escenografía e vestuario: Equipo Taetro

Deseño de son e selección musical: Brais Morán

Música: Bernardo Martínez

Elenco artístico: Miguel Pernas, Luma Gómez e
Manuela Varela

Uxío Rodas, escultor e pintor duns 60 anos, é considerado polos seus contemporáneos unha auténtica gloria nacional. As súas esculturas están nos mellores museos internacionais e ten sobre as súas costas unha longa e importante carreira de creador honesto e imponente, con exposicións e grandes vendas en todos os países do mundo.

O encontro de tres mentalidades: a de Uxío, na crise existencial de non retorno; a de Maribel, a xuventude executiva da nova realidade, e a de Carme, a sabedoría de quen o ten vivido todo, xeran, nesta obra, unha comedia de profundo contido social.



Idioma



Público
Adulto



100 min.



10€

DOMINGO 24 DE ABRIL - 18:00 HORAS

GEOMETRÍA

Roseland Musical

Danza
Familiar



DÍA INTERNACIONAL
DA DANZA



Autoría e dirección: Marta Almirall

Escenografía: Onionlab

Diseño de son e música: Xavier Oró

Diseño de iluminación: Andreu Fábregas

Vestuario: Montse Ginesta

Coreografía: Anna Planas, Ana Lanas e Arias Fernández

Elenco artístico: Aina Lanas, Arias Fernández e Anna Sagrera

Geometría é un espectáculo hipnótico e revelador sobre a verdadeira dimensión das figuras xeométricas e a súa relación coa danza contemporánea. Un fascinante espectáculo xeométrico de poesía, música, danza e imaxes con proxeccións 3D que interactúan co público. Unha ollada, plástica e emocional, sobre estruturas matemáticas complexas.



Idioma



7 anos



55 min.



5€



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE

inaem
INSTITUTO NACIONAL
DE ARTES ESCÉNICAS

PLATEA

PROGRAMA ESTATAL
DE ARTES ESCÉNICAS



FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE
MUNICIPIOS Y PROVINCIAS

VENRES 29 DE ABRIL - 20:00 HORAS

DEMENTE

Fran Sieira

Danza



DÍA INTERNACIONAL
DA DANZA



Autoría e coreografía: Francisco Sieira González

Dirección: Carla Diego Luque

Adaptación: Carla Diego Luque e Francisco Sieira González

Escenografía e vestuario: Carlos Alonso Alonso

Deseño de son: Isaac Millán Ledo

Deseño de iluminación: Fidel Vázquez díaz

Música: Cristian Silva Bóveda

Elenco artístico: Francisco Sieira González, Martín Mondragón Rivadulla, Adela Otero Vázquez, Artur pastoriza Puga, André Adrio rodríguez e Patricia Sánchez Seoane

DeMente é un espectáculo de baile e música tradicional galega que plasma unha realidade, un estigma, unhas patoloxías que segundo a OMS sufriron, sofren ou sufrirán nalgún momento da súa vida unha de cada catro persoas.

A reclusión practicamente carceraria en tempos pasados, as contencións mecánicas e químicas, o suicidio, a explotación da enferma e a externalización dos nosos días. A necesaria integración na sociedade e a normalización como outro tipo de doenza, a loita contra O ESTIGMA.



Idioma




Público
Adulto



60 min.



12€



VIGO

XAN > ABR'22 **cultura**

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E ACCESO AO RECINTO

1 O despacho de billetes do auditorio **pechará con estrita puntualidade cinco minutos antes** da hora prevista de comezo do espectáculo, momento no que ademais se pecharán as portas de acceso ao recinto. **Comezado o espectáculo, ningún poderá acceder á sala.** Solicitase a máxima colaboración anticipando a hora de chegada para evitar colas a última hora que produzan o atraso do comezo do espectáculo.

2 As **entradas non vendidas anticipadamente**, de habelas, estarán **dispoñibles** no despacho de billetes desde **unha hora antes do comezo** previsto para o espectáculo.

3 As **portas de acceso abriranse 15 minutos** antes da hora prevista do comezo do espectáculo.

As entradas mercadas no despacho de billetes serán asignadas pola organización. En caso de querer seleccionar unha **localización concreta** deberán utilizar o **sistema de venda anticipada**.

4 Todas as butacas ofertadas contan con boa visibilidade. **A organización non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais**, polo que neste caso declina toda responsabilidade.

5 **TODO o público pagará entrada**, independentemente da idade ou de ocupar ou non butaca. Non poderá acceder ao recinto ningún sen entrada para poder computar a capacidade efectiva por razóns de seguridade e conforme ao Plan de autoprotección do recinto. A capacidade é única e cómputase por persoas, non por butacas ocupadas.

6 **Non se lle permitirá o acceso** a quen presente unha **entrada emendada, rota** ou con **indicios de falsificación**. **Non se admiten cambios nin devolucións.**

7 A organización informa, nos programas editados para a difusión de cada programación, das **idades recomendadas** para determinados espectáculos, que solicitamos **respecten na medida do posible** de cara a **garantir o seu bo desenvolvemento**.

8 Ao entrar no recinto, o público, consonte á lei, pode estar suxeito a un rexistro. **Non se permitirá a entrada de comida, bebida ou obxectos** que poidan ser considerados **perigosos** polo organizador ou estean prohibidos pola normativa vixente. **Resérvase o dereito de admisión.**

Nos **espectáculos** programados quedan **reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual**. As persoas portadoras da entrada **non** poderán introducir **cámaras de fotografar, de vídeo ou gravadoras**; tampouco poderán, **nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización escrita da organización**; en todo caso, actuarase conforme aos acordos e a lexislación vixente que corresponda.

NORMAS ESPECIAIS COVID-19

Debido a situación actual provocada pola pandemia orixinada polo **COVID-19**, en calquera momento **podrán modificarse as normas de organización e acceso ao recinto**, así como os **horarios**, segundo as indicacións sanitarias de cada momento. No propio auditorio indicaranse as medidas especiais como **uso de máscara obrigatoria**, circuitos de entrada e saída diferenciados, **dispensadores de xel hidroalcohólico, distanciamento de seguridade** ou calquera outra medida que sexa imposta para garantir a seguridade do público e do persoal que traballa no recinto. Ademais **podrán establecerse quendas de entrada** segundo a localización das localidades, coa suficiente antelación que permita o acomodo do público co tempo necesario para que os espectáculos poidan comezar segundo o previsto.

VENDA DE ENTRADAS

As entradas poderán adquirirse (sen gastos de xestión, ao mesmo prezo que no despacho de billetes):

- A través da páxina web de Giglon: www.giglon.com
- Na **Librería Librouro** (Eduardo Iglesias 12, Vigo), en horario de luns a sábado, de 10 a 14 e de 17 a 20 horas.
- O mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no **despacho de billetes do Auditorio** (sempre que houbese entradas dispoñibles).



Co obxecto de fomentar a asistencia ao teatro da mocidade, o público entre 12 e 18 anos poderá beneficiarse dun 30% de desconto no prezo das entradas soltas adquiríndoas anticipadamente a través de Internet co código de desconto OTEATROMOLA (no control de accesos do Auditorio poderá solicitarse a documentación acreditativa da idade).

ABONOS

(só en anticipada, non poderán adquirirse no despacho de billetes do propio Auditorio):

ABONO Á CARTA 5

Elixe 5 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 10% de desconto sobre o prezo total.

ABONO Á CARTA 10

Elixe 10 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 25% de desconto sobre o prezo total.

- Existen **4 espazos reservados para persoas con mobilidade reducida en cadeiras de rodas e 4 ao seu carón reservadas para os seus acompañantes** (de ser o caso).
- No caso de adquirir entradas nesta modalidade é **importante comprobar ao seleccionalas** se se trata de persoas con cadeiras de rodas (sen butaca) ou se son acompañantes destas (butaca ao carón do espazo destinado a cadeiras de rodas).
- **As entradas** adquiridas destinadas a mobilidade reducida **sen cumprir estas características poderán ser anuladas sen posibilidade de reembolso.**

Auditorio Municipal do Concello de Vigo
Praza do Rei 1. Vigo

giglon
.com


Auditorio Municipal do Concello
Praza do Rei s/n



CONCELLO
DE VIGO



Depósito Legal: PO 13-2022


Auditorio Municipal do Concello
Praza do Rei s/n



Vigocultura



@Vigo_cultura



vigocultura www.vigo.org

INFORMACIÓN

Teléfonos: Desde Vigo: 010 // Desde móbil ou fóra de Vigo: 986 810 260

Horario: Luns > Venres: 8.00 a 20.00 horas // Sábados: 10.00 a 14.00 horas